

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

2147 *Real decreto 71/2019, do 15 de febreiro, polo que se regulan as pensións e indemnizacións do réxime de clases pasivas do Estado dos militares de complemento e dos militares profesionais de tropa e mariñeiría cunha relación de servizos de carácter temporal.*

A experiencia acumulada desde a aprobación do Real decreto 1186/2001, do 2 de novembro, polo que se regulan as pensións e indemnizacións do réxime de clases pasivas do Estado aos militares de complemento e aos militares profesionais de tropa e mariñeiría e se aproban os cadros médicos para o recoñecemento das ditas prestacións, unido á integración dos militares ingresados a partir de xaneiro de 2011 no réxime xeral da Seguridade Social e a consolidación do proceso de profesionalización das Forzas Armadas, puxo de manifesto a necesidade de transformar o modelo de protección de clases pasivas do persoal militar profesional cunha relación de servizos de carácter temporal.

O artigo 52 bis do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, indica que os militares profesionais cunha relación de servizos de carácter temporal causarán no seu favor pensión de retiro cando padezan unha incapacidade absoluta para todo traballo. Igualmente, nos termos que regulamentariamente se determinen, este persoal terá dereito a pensións ou indemnizacións por unha soa vez, en caso de que sufran lesións permanentes non invalidantes, ou non determinantes de inutilidade absoluta para toda profesión ou oficio. Así mesmo, causarán dereito a pensión ordinaria ou extraordinaria a favor dos seus familiares no caso de que falezan, mentres manteñan a relación de servizos.

O novo modelo de protección dirixese a achegar a acción protectora do citado colectivo á establecida polo réxime xeral da Seguridade Social, pero mantendo o especial tratamento que o réxime de clases pasivas do Estado concede ás pensións que derivan de acto de servizo.

Durante a súa tramitación, sobre o proxecto deste real decreto emitiron informe as asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, e deuse coñecemento del ao resto das asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, emitiu informe sobre el o Consello de Persoal das Forzas Armadas.

O proxecto foi obxecto de audiencia e información pública a través do portal web do Ministerio de Defensa.

Este real decreto é o instrumento adecuado para a finalidade perseguida: a nova regulación das pensións e indemnizacións do réxime de clases pasivas do Estado dos militares de complemento e os militares profesionais de tropa e mariñeiría cunha relación de servizos de carácter temporal. Trátase, por tanto, dunha cuestión de interese xeral cuxo contido se axusta aos principios de boa regulación, como os de necesidade e eficacia. Contén a regulación imprescindible para a consecución dos seus obxectivos e, igualmente, axústase ao resto de principios previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Por outra parte, a norma figura no Plan anual normativo 2018.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa e da ministra de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de febreiro de 2019,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. As disposicións deste real decreto serán de aplicación ao persoal incluído no réxime de clases pasivas do Estado que a continuación se relaciona, cando sufra accidente, lesión ou enfermidade por cuxa causa faleza, ou lle sexa apreciada insuficiencia de condicións psicofísicas:

- a) Os militares de complemento e militares profesionais de tropa e mariñeira cunha relación de servizos profesionais non permanente.
- b) O persoal das escalas de complemento e reserva naval, declaradas a extinguir, e que non teña adquirido o dereito a permanecer nas Forzas Armadas até a idade de retiro.
- c) Os alumnos de centros militares de formación que ingresasen neles sendo militares de complemento ou militares profesionais de tropa e mariñeira, até a súa promoción aos empregos de cabaleiro cadete, alférez-alumno, sarxento-alumno ou gardamariña.

2. As disposicións deste real decreto serán de aplicación cando o accidente, lesión ou enfermidade determinantes da insuficiencia de condicións psicofísicas ou o falecemento se producise durante o período comprendido:

- a) Se se trata de militares de complemento ou militares profesionais de tropa e mariñeira, desde a adquisición da condición de militar profesional até a finalización ou resolución do compromiso.
- b) Se se trata de alumnos dos centros docentes militares de formación que ingresasen neles sendo militares de complemento ou militares profesionais de tropa e mariñeira, desde o ingreso no centro até o nomeamento para o emprego de cabaleiro cadete, alférez-alumno, sarxento-alumno ou gardamariña.

3. Entenderanse incluídas neste real decreto todas aquelas lesións ou enfermidades que con posterioridade ao ingreso do interesado nas Forzas Armadas se agravasen e que, por si mesmas ou en concorrencia con novas lesións ou patoloxías, provocasen unha diminución ou anulación na súa capacidade laboral.

4. Aquelas anomalías no comportamento e/ou variantes desadaptativas en relación con trazos da personalidade incompatibles coa función militar non detectadas nas probas de ingreso nas Forzas Armadas e preexistentes ao ingresar nelas non se entenderán incluídas neste real decreto, salvo que fosen agravadas polo servizo.

Artigo 2. *Determinación da insuficiencia de condicións psicofísicas.*

1. A determinación da insuficiencia de condicións psicofísicas para efectos da limitación para ocupar determinados destinos, a resolución do compromiso ou o pase a retiro, segundo corresponda, efectuarase mediante a tramitación do expediente previsto no artigo 121 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.

2. Para a determinación dos distintos tipos de incapacidade previstos neste real decreto, os ditames da sanidade militar terán carácter preceptivo e vinculante de acordo co artigo 28.2 c) do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado.

Artigo 3. *Tipos de incapacidade.*

1. Para os efectos das prestacións reguladas neste real decreto, os órganos médico-periciais da sanidade militar avaliarán a diminución ou anulación das aptitudes psicofísicas do interesado tomando como referencia o artigo 194 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

En caso necesario, mediante instrución do subsecretario de Defensa, poderá adaptarse aos requirimentos da profesión militar a lista de enfermidades a que se refire o artigo 194 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, en concordancia co disposto na súa disposición transitoria vixésimo sexta.

2. Nos ditames dos órganos médico-periciais da sanidade militar indicárase se o interesado padece algúns dos seguintes tipos de incapacidade:

- a) Incapacidade permanente absoluta para toda profesión ou oficio.
- b) Incapacidade permanente total para a profesión militar.
- c) Lesións permanentes que non impiden o exercicio da profesión militar.

Artigo 4. *Determinación da continxencia.*

Corresponde ao ministro de Defensa a declaración de que a insuficiencia das condicións psicofísicas se produciu en acto de servizo ou como consecuencia del.

Para tales efectos, os órganos médico-periciais da sanidade militar deberán ditaminar se desde o punto de vista médico pericial existe relación entre a insuficiencia de condicións psicofísicas e o accidente ou enfermidade en acto de servizo ou como consecuencia del. No caso de que sexa unha enfermidade a causante da incapacidade, esta deberá constar como adquirida en acto de servizo ou como consecuencia directa da natureza do servizo desempeñado.

Artigo 5. *Expediente de clases pasivas.*

Emitida a resolución do ministro de Defensa que determine a insuficiencia de condicións psicofísicas, o director xeral de Persoal iniciará, de oficio, a tramitación do expediente de clases pasivas para determinar o dereito a pensión ou indemnización que, se for o caso, poida corresponder.

CAPÍTULO II

Dereitos pasivos

Artigo 6. *Pensións de retiro por inutilidade.*

O persoal incluído no ámbito de aplicación deste real decreto que no curso da súa relación de servizos coas Forzas Armadas se vexa afectado por unha lesión ou proceso patolóxico, somático ou psíquico que estea estabilizado e sexa irreversible ou de remota ou incerta reversibilidade, que o incapacite absolutamente para o desempeño de calquera profesión ou oficio, causará dereito a pensión de retiro por inutilidade, ordinaria ou extraordinaria, nos seguintes termos:

a) Se a inutilidade se produciu en circunstancias alleas ao servizo, causará dereito a pensión ordinaria de retiro por inutilidade nos termos previstos no título I, subtítulo II, capítulo II, do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril.

b) A dita pensión será extraordinaria se a lesión ou enfermidade se produciu en acto de servizo ou como consecuencia del, nos termos previstos no título I, subtítulo II, capítulo IV, do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril.

Artigo 7. *Pensións por inutilidade para o servizo.*

O persoal incluído no ámbito de aplicación deste real decreto que durante a súa relación profesional coas Forzas Armadas se vexa afectado por unha lesión ou proceso patolóxico, somático ou psíquico, que estea estabilizado e sexa irreversible ou de remota ou incerta reversibilidade que, sen chegar a constituír unha incapacidade absoluta para calquera profesión ou oficio, supoña unha incapacidade para o exercicio da profesión militar que implique a resolución do compromiso, causará dereito a pensión de inutilidade para o servizo, nos seguintes termos:

a) Se a inutilidade se produciu en circunstancias alleas ao servizo, causará dereito a pensión ordinaria de inutilidade para o servizo nunha contía igual ao 55 por 100 da que resultase de producirse unha incapacidade permanente absoluta para toda profesión ou oficio.

b) A dita pensión será extraordinaria se a lesión ou enfermidade se produciu en acto de servizo ou como consecuencia del. A pensión extraordinaria terá unha contía igual ao 55 por 100 da que resultase de producirse unha incapacidade permanente absoluta para toda profesión ou oficio en acto de servizo ou como consecuencia del.

Artigo 8. *Indemnizacións por lesións permanentes.*

1. O persoal incluído no ámbito de aplicación deste real decreto que, durante a súa relación profesional coas Forzas Armadas, sufra en acto de servizo ou como consecuencia del, enfermidade, lesión, mutilación ou deformidade de carácter definitivo, que, sen impedirle a realización da profesión militar, lle produza un grao de diminución física ou psíquica que determine unha limitación para ocupar determinados destinos, causará dereito a indemnización, nos termos previstos no número seguinte.

2. A indemnización consistirá nun pagamento único cuxa contía se determinará aplicando o baremo establecido na Orde ESS/66/2013, do 28 de xaneiro, pola que se actualizan as cantidades a tanto global das indemnizacións por lesións, mutilacións e deformidades de carácter definitivo e non invalidantes ou o que estea vixente no momento de producirse a resolución de limitación para ocupar determinados destinos.

Artigo 9. *Pensións familiares.*

Se, como consecuencia dun feito ocorrido durante a súa relación coas Forzas Armadas, se produce o falecemento do persoal incluído no ámbito de aplicación deste real decreto, causará dereito a pensións de viuvez, orfandade e en favor de pais, nos seguintes termos:

a) Se o falecemento se produciu en circunstancias alleas ao servizo, para a determinación da pensión será de aplicación o título I, subtítulo II capítulo III, do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril.

b) Se o falecemento se produciu en acto de servizo, ou como consecuencia del, será de aplicación o título I, subtítulo II, capítulo IV, do dito texto refundido.

Disposición adicional primeira. *Conservación de dereitos pasivos.*

Concluída a relación profesional coas Forzas Armadas, o persoal incluído no ámbito de aplicación deste real decreto conservará os dereitos pasivos que puidese ter adquirido para si ou para os seus familiares.

Para a súa determinación será de aplicación a disposición adicional décima do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril.

Disposición adicional segunda. *Dereitos pasivos no suposto de limitación para ocupar determinados destinos previa á declaración de resolución do compromiso por insuficiencia de condicións psicofísicas.*

No caso de que, durante a relación de servizos coas Forzas Armadas, se resolvese un expediente de insuficiencia de condicións psicofísicas que ocasionase unha limitación para ocupar determinados destinos pola que percibise unha indemnización e, con posterioridade, se instruíse outro expediente que determinase unha pensión de clases pasivas por agravamento da lesión que foi indemnizada, será de aplicación o procedemento de desconto regulado no artigo 7.1 do Real decreto 1134/1997, do 11 de xullo.

Disposición transitoria única. *Tramitación de procedementos xa iniciados.*

Aos expedientes cuxa orde de incoación se producise con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto que se encontren pendentes de resolución seranlles de aplicación as normas previstas nel unicamente se resultan máis favorables.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Queda derogado o Real decreto 1186/2001, do 2 de novembro, polo que se regulan as pensións e indemnizacións do réxime de clases pasivas do Estado aos militares de complemento e aos militares profesionais de tropa e mariñeiría e se aproban os cadros médicos para o recoñecemento das ditas prestacións.

2. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento para a determinación da aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 944/2001, do 3 de agosto.*

Modifícase o Regulamento para a determinación da aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 944/2001, do 3 de agosto, no seguinte sentido:

Un. Modifícase o artigo 16, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 16. *Ditame médico.*

1. O ditame médico do órgano médico pericial da sanidade militar, fundamentado nos cadros de condicións psicofísicas que se establecen no anexo do presente regulamento, realizarase mediante un informe médico que irá acompañado dun cuestionario de saúde e axustaranse ambos ao modelo que determine o ministro de Defensa.

2. A incomparecencia do interesado, sen causa debidamente xustificada, ao recoñecemento para o que fose requirido farase constar no informe. Non obstante, a xunta médico-pericial deberá incluír no informe médico o ditame da aptitude psicofísica, se á vista da documentación dispoñible é posible realizar unha valoración das súas condicións psicofísicas e, en caso contrario, sinalará a imposibilidade de realizalo. Todo isto sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias en que o interesado puidese ter incorrido.»

Dous. Modifícase a letra b) do artigo 19.4, que queda redactada nos seguintes termos:

«b) Determinar se o avaliado precisaría dunha terceira persoa para os actos esenciais da vida.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Defensa para que dite as normas de desenvolvemento que considere oportunas para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Previsións orzamentarias.*

O Ministerio de Facenda adoptará as previsións orzamentarias necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de febreiro de 2019.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Igualdade,
CARMEN CALVO POYATO